

## DOSSIER

# Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero

VIGO 2007



MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA  
NO QUE VAI DE ANO  
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO  
(FONTE: INSTITUTO DA MULLER)


### \* UN MARCADOR DIXITAL LEMBRARÁ NO CONTORNO DA RÚA DO PRÍNCIPE ÁS MULLERES ASASINADAS POR VIOLENCIA DE XÉNERO

Un **Marcador Dixital**, instalado pola Concellería de Igualdade de Vigo na confluencia das rúas Ronda de Don Bosco e Príncipe, lembrará ás mulleres asasinadas por Violencia de Xénero e representará dun xeito directo e efectivo a Magnitude da Traxedia que supón este tipo de violencia. O marcador reforza ás **Siluetas de mulleres** instaladas na Lonxa do Concello dende o pasado mes de maio.

O **Marcador Dixital** indicará o número de mulleres asasinadas en España pola Violencia de Xénero e actualizaráse cada vez que se produza unha nova vítima. O número levará un asterisco na súa parte superior, como chamada de atención.

Ademais, outro asterisco indicará a que se refire ese número: Mulleres asasinadas en España por Violencia de Xénero e a fonte da que provén o dato. A actualización dos datos deste marcador, a cifra que crece, representa unha nova traxedia que se manifesta deste xeito nun espazo público.

Por outra parte, están a utilizarse **Siluetas de mulleres** de cartón ríxido de cor branca a tamaño natural que se instalan na Lonxa do Concello cada vez que se produce unha nova vítima. Cada unha representa a cada muller asasinada por Violencia de Xénero. A carón destas figuras, un marcador, que se actualiza de xeito permanente, informa aos cidadáns e cidadás do número de vítimas. Preséntase así a Magnitude da Traxedia en forma de multitude: son mulleres distintas, de lugares distintos, de diferente procedencia social, pero xuntas constitúen un mesmo problema.



## DOSSIER

# Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero

VIGO 2007



MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA  
NO QUE VAI DE ANO  
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO  
(FONTE: INSTITUTO DA MULLER)

### \* ACTIVIDADES CO GALLO DO 25 DE NOVEMBRO


A posta en marcha do marcador na rúa Ronda de Don Bosco coincide coa celebración do 25 de novembro, **Día Internacional contra a Violencia de Xénero**, e forma parte dunha campaña de sensibilización destinada a toda a cidadanía cara a fomentar o rexeitamento social fronte a episodios de violencia que sofren as mulleres.

Entre as actuacións que desenvolverá a **Concellería de Igualdade** figura a edición e distribución de 10.000 dípticos informativos da campaña institucional **"Na Violencia de Xénero non hai tregua"**, a edición e distribución de 8.000 guías sobre como actuar en caso de Violencia contra as Mulleres e unha campaña que se desenvolverá nos distintos medios de comunicación. Así mesmo, a Universidade de Vigo sumarase a esta campaña e farana extensible ao persoal e alumnado do Campus universitario.

Ademais, o departamento que dirixe Iolanda Veloso acaba de pór en marcha [osnosodereitos.muller@vigo.org](mailto:osnosodereitos.muller@vigo.org), un novo servizo de consulta xurídica on-line co obxectivo de axilizar e aumentar a eficacia da información prestada por unha avogada ás mulleres que desexen realizar consultas sen necesidade de acudir presencialmente ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

Outras ferramentas a disposición das mulleres maltratadas son os servizos municipais aos que poden dirixirse con carácter gratuito e confidencial. Así, as mulleres afectadas poden contactar co Centro Municipal dos Dereitos da Muller e a Casa da Acollida, así como marcar o teléfono 986 293 963.

Por outra parte, a Concellería de Igualdade manifesta o seu apoio á manifestación que sairá ás 12.00 horas do vindeiro domingo, día 25



## DOSSIER

# Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero

VIGO 2007



MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA  
NO QUE VAI DE ANO  
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO  
(FONTE: INSTITUTO DA MULLER)

de novembro, da Praza de Urzáiz e que culminará na rúa do Príncipe, diante do MARCO. A marcha está convocada pola Marcha Mundial das Mulleres baixo o lema “Podemos acabar coa violencia machista”.

Con estas iniciativas, a Concellería de Igualdade de Vigo pretende trasladar á rúa, mediante accións contundentes, unhas cifras que, aínda que ocupen importantes espazos nos medios de comunicación, se consideran alleas. A finalidade é converter a traxedia nun problema propio.


Deste xeito, é importante crear a conciencia de que existe un problema social de gran magnitude e implicar a todas as persoas, non soamente trasladando a traxedia persoal das vítimas, senón pola posibilidade de que toda a sociedade participe no rexeitamento e na prevención desta lacra a través da denuncia dos casos que coñecen.

### \* UN TOTAL DE 67 VÍTIMAS DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES NO QUE VAI DE ANO, SETE EN GALICIA

Un total de 67 mulleres faleceron en España no que vai de ano asasinadas pola súa parella ou ex parella, segundo os datos que manexa o Instituto da Muller. En xaneiro morreron cinco mulleres, en febreiro a Violencia de Xénero cobrouse nove vítimas, e en marzo o número de mulleres asasinadas ascendeu a catro.

Pola súa parte, abril saldouse con outras catro mulleres asasinadas, maio con sete vítimas e xuño, con 11 mulleres asasinadas, foi o mes no que se produciron máis mortes. Xa no segundo semestre, en xullo morreron oito mulleres, en agosto sete, en setembro tres, en outubro cinco e en novembro, do que vai de mes, catro mulleres.

En Galicia, o número de casos de mulleres asasinadas pola parella ou



## DOSSIER

# Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero

VIGO 2007



MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA  
NO QUE VAI DE ANO  
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO  
(FONTE: INSTITUTO DA MULLER)

ex parella elevouse a sete. Na Coruña produxéronse tres vítimas, 2 en Pontevedra, unha en Ourense e unha en Lugo. Deste xeito, máis dun 11 por cento (11,19 por cento) dos casos do Estado español produxéronse en Galicia.


### \* MÁIS DE 48.000 DENUNCIAS POR MALOS TRATOS ATA OUTUBRO, CASE 2.500 EN GALICIA

Ata o mes de outubro, rexistráronse en España un total de 48.176 denuncias de mulleres por malos tratos producidos pola súa parella ou ex parella. En Galicia, o número de denuncias ascendeu a 2.451, segundo os datos aportados polo Instituto da Muller.

### \* ARREDOR DE 350 XUÍZOS RÁPIDOS NO XULGADO DE VIOLENCIA SOBRE AS MULLERES NO QUE VAI DE ANO

No que vai de ano, celebráronse arredor de 350 xuízos rápidos no novo xulgado especial de Violencia sobre a Muller, polo que a media sitúase en máis dun caso xulgado ao día. Ademais o xulgado vigués abriu neste tempo case 590 dilixencias previas por denuncias de malos tratos.

Este xulgado especializado en Violencia de Xénero, que funciona dende xaneiro de 2007, encárgase de resolver os casos de malos tratos que se producen no Partido Xudicial de Vigo e Redondela. Foi o primeiro que comezou a funcionar en Galicia, xa que o da Coruña abriu este verán.



## DOSSIER

# Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero

VIGO 2007



MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA  
NO QUE VAI DE ANO  
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO  
(FONTE: INSTITUTO DA MULLER)

### \* UN TOTAL DE 68 MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA NO ANO 2006 POLA SÚA PARELLA OU EX PARELLA

No ano 2006 contabilizáronse un total de 68 mulleres asasinadas polas súas parellas ou ex parellas, o que supón un aumento do 13,3 por cento con respecto a 2005, segundo o Instituto da Muller.

Así mesmo, durante 2006 presentáronse un total 62.170 de denuncias por malos tratos e 1.048 mulleres denunciaron ter sido vítimas de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual cometidos no ámbito familiar.

## FERRAMENTAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

### \* ACTUACIÓNS MUNICIPAIS

#### 1.- II PLAN DE ACCIÓN MUNICIPAL PARA COMBATER A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES (2004-2007)

Aprobado pola Xunta de Goberno do Concello de Vigo en novembro de 2004, este plan concreta a liña de actuacións do Concello para dar resposta ás mulleres que sofren violencia de xénero. O documento está estruturado en catro áreas de intervención:

-Apoio e seguimento das vítimas con medidas de apoio económico, formación, emprego e conciliación da vida persoal e laboral, entre outras.

-Optimización e adecuación de recursos para mellorar o acceso das vítimas á información e proporcionarlles atención axeitada.

-Coordinación entre os diferentes servizos e recursos implicados na atención ás vítimas.



# DOSSIER

## Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero

VIGO 2007



MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA  
NO QUE VAI DE ANO  
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO  
(FONTE: INSTITUTO DA MULLER)

-Información e sensibilización social potenciando a investigación sobre o fenómeno da violencia de xénero e fomentando medidas dirixidas á infancia e á xuventude, así como ao persoal da Administración local.

### 2.- III PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES (2005-2007)

Este documento elaborado baixo o lema "Igualdade sen xénero de dúbidas" contempla catro áreas de intervención: Coeducación, Conciliación, Mercado laboral e Hábitos de vida saudable. Con esta iniciativa o Concello de Vigo márcase como obxectivos:


1.- Impulsar a aplicación de políticas de igualdade no eido local coa creación do Observatorio para a Igualdade e o Departamento de Igualdade de Oportunidades adscrito á Concellería da Muller.

2.- Coñecer e analizar a realidade de Vigo a través de estudos, investigacións e convenios de colaboración con distintas entidades.

O plan incide directamente na escola e na familia para asesorar aos pais e nais e educadores e educadoras na coeducación, eliminando estereotipos sexistas.

### 3.-SERVIZOS PROPIOS DE AXUDA E ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DA VIOLENCIA

1.- O TELÉFONO 24 HORAS (986 293963).- É un servizo municipal de información e asesoramento dirixido especialmente ás vítimas da violencia de xénero. Está atendido as 24 horas do día por persoal especializado e facilita información inmediata e precisa sobre os recursos e servizos existentes destinados ás mulleres.



## DOSSIER

# Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero

VIGO 2007



MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA  
NO QUE VAI DE ANO  
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO  
(FONTE: INSTITUTO DA MULLER)

2.- CASA DE ACOLLIDA DE MULLERES MALTRATADAS.- Este servizo garante ás vítimas da violencia de xénero e aos seus fillos e fillas un espazo alternativo á convivencia co agresor.

3.-CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DOS DEREITOS DA MULLER (CMIDM).- Situado na rúa Romil número 20, é un servizo municipal de información e asesoramento ás mulleres. Conta con programas específicos para mulleres vítimas da violencia de xénero.

4.-[osnosodereitos.muller@vigo.org](mailto:osnosodereitos.muller@vigo.org).-É un novo servizo de consulta xurídica on-line posto en marcha pola Concellería de Igualdade co obxectivo de axilizar e aumentar a eficacia da información prestada por unha avogada ás mulleres que desexen realizar consultas sen necesidade de acudir presencialmente ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

#### 4.- OUTRAS INICIATIVAS MUNICIPAIS DE APOIO E ATENCIÓN ÁS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA

-As mulleres que se ven obrigadas a acudir á Casa Municipal de Acolli-da por mor dos malos tratos reciben por parte do Concello unha axuda de peto mensual durante a súa estancia por importe de 50 euros ao mes destinados a sufragar os gastos de carácter máis persoal.

-No momento da saída da Casa de Acolli-da o Concello adxudica ás mulleres que se atopan nunha situación máis precaria unha axuda económica de 650 euros destinada a facer fronte aos gastos puntuais e extraordinarios que implica a saída da Casa.

- Vivendas de propiedade municipal destinadas a pisos de saída ás mulleres usuarias da Casa de Acolli-da en situación económica precaria e para os casos de urxencia que precisen dun maior seguimento.



## DOSSIER

# Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero

VIGO 2007



MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA  
NO QUE VAI DE ANO  
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO  
(FONTE: INSTITUTO DA MULLER)

### \* LEI INTEGRAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

A Lei Integral contra a Violencia de Xénero foi aprobada por unanimidade no Parlamento español en decembro de 2004. Trátase dunha lei de carácter transversal, que obriga a traballar nos diferentes ámbitos para previr novos episodios de violencia.

Así, por primeira vez, actúase contra a Violencia de Xénero dun xeito integral e multidisciplinar, comezando polo proceso de socialización e educación.

O seu ámbito abarca tanto os aspectos preventivos, educativos, sociais, asistenciais e de atención posterior ás vítimas, como a normativa civil que incide no ámbito familiar ou de convivencia, onde principalmente prodúcense as agresións. Así mesmo, abórdase con decisión a resposta punitiva que deben recibir todas as manifestacións de violencia que esta lei regula.


### \* LEI GALEGA PARA A PREVENCIÓN E TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

A Lei Galega para a Prevención e tratamento da Violencia de Xénero foi aprobada coa unanimidade dos tres grupos que integran o Parlamento Galego en xullo de 2007.

A nova lei faculta ao Goberno galego para exercer como acusación particular en casos de violencia de xénero. Esta norma baséase en tres piares fundamentais:

- A colaboración e a coordinación institucional entre as diferentes administracións e as entidades implicadas.





## DOSSIER

# Campaña Municipal contra a Violencia de Xénero

VIGO 2007



MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA  
NO QUE VAI DE ANO  
VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO  
(FONTE: INSTITUTO DA MULLER)

- A necesidade de reforzar o tecido asociativo e o dos órganos de representación das mulleres en Galicia.

- A atención especial ás necesidades específicas do país.

Outro aspecto destacado desta norma é que fai un amplo recoñecemento das distintas formas de violencia máis alá do ámbito doméstico ou de parella. A lei garante a gratuidade da asistencia sanitaria, psicolóxica e xurídica das vítimas.

Así mesmo, subliña o importante papel que xogan os profesionais da sanidade na detección de casos de violencia de xénero, no tratamento e na asistencia ás vítimas.

No ámbito xurídico, a lei garante a atención permanente todo o ano, fixa mecanismos de protección en situacións de risco, liñas de axuda económica e diversos recursos de acceso laboral e á vivenda, entre outros. Tamén se establece o carácter de gratuidade para a asistencia sanitaria, psicolóxica e xurídica das vítimas.

Igualmente, facilita o acceso destas mulleres á Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e a súa inclusión con carácter preferente en todos os programas de formación e inserción laboral.